



CONVOCATORIA DE SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL

A Secretaría do Concello emitiu a relación de procedementos concluídos que se poñen á disposición da Alcaldía para convocar aos órganos colexiados (artigo 81.1.2) do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e artigo 3.2 a) do Real decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional).

É o alcalde quen ten a competencia para convocar e formar a orde do día das sesións da Xunta de Goberno (artigos 78, 79 e 80 do Real decreto 2568/1086, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais).

Os asuntos que teñan que someterse á decisión do Pleno ou da Xunta de Goberno Local, cando esta actúe con competencias delegadas polo pleno, teñen que ser previamente ditaminadas pola comisión informativa correspondente salvo cando teñan que adoptarse acordos declarados urxentes (artigo 123 do Real Decreto 2568/1086, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais)

En uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **PROCEDO:**

PRIMEIRO

Convocar unha Sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación Municipal para o

Día: xoves 27 de outubro de 2022

Hora: 20:00

Lugar: SALÓN DE PLENOS DA CASA DO CONCELLO DE CEE

Motivación: Imposibilidade, por motivos persoais, de asistencia presencial da Secretaria municipal en réxime de acumulación o día 28 de outubro (data prevista sesión plenaria ordinaria).

coa seguinte **ORDE DO DÍA:**

A) PARTE RESOLUTIVA

1. **Aprobación, ope legis, das actas das sesións anteriores (no seu caso, de decisións sobre observacións formuladas respecto de erros materiais ou de feito (art. 91.1 do R.D. 2568/1986), que se detallan:**

I. **Borrador da sesión ordinaria realizada o día 30 de setembro de 2022 (Acta 2022/11)**

2. **Toma de posesión da concelleira dona Sara Beiro Blanco (partido IxCEE), por renuncia de don Ramón Ramiro Vigo Sambade.**



DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMÍA E FACENDA

3. Proposta da alcaldía relativa á aprobación do recoñecemento extraxudicial de créditos nº 3/2022, por importe de 4.094,47 €.(EXPTE. Nº 2022/T002/000036)

DA COMISIÓN DE PRESIDENCIA, BENESTAR SOCIAL, IGUALDADE E EMPREGO

4. Proposta da alcaldía relativa ao informe favorable ao cambio de nome do centro educativo CEIP Plurilingüe Eugenio López por CEIP Plurilingüe Vila de Cee. (EXPTE. Nº 2022/G012/000029)
5. Proposta da alcaldía de aprobación do III Plan de Igualdade de Oportunidades de Mulleres e Homes e Prevención da violencia de xénero. Concello de Cee, 2022-2027. (EXPTE. Nº 2022/G012/000029).
6. Proposta da alcaldía de adhesión do Concello de Cee á Rede Española de Cidades Saudables. (EXPTE. Nº 2022/G012/000029).

B) PARTE DE NON RESOLUTIVA, DE CONTROL E SEGUIMENTO DA XESTIÓN DE ÓRGANOS DE GOBERNO.

7. Dar conta de Resolucións da Alcaldía para coñecemento: da nº 899/2022 do 27 de setembro de 2022 á nº 979/2022 do 20 de outubro de 2022.
8. Dar conta dos envíos ao MHAP (Expediente EXPTE. Nº 2022/T002/000036):
 - P.MP. 3º trimestre de 2022
 - Morosidade 3º trimestre de 2022
 - Execución presupostaria 3º trimestre 2022
9. Rogos e preguntas.

SEGUNDO

Notificarlles esta resolución aos membros do órgano colexiado, poñendo á súa disposición os antecedentes dos asuntos na Secretaría do concello, de luns a venres durante o horario da xornada laboral.

TERCEIRO

Que por parte da Secretaría deste concello se poña a disposición dos sres. e sras. concelleiras a documentación dos asuntos incluídos na orde do día, acompañando á convocatoria copia das actas das sesións anteriores que se sometan a votación, de ser o caso.

Cee, luns 24 de outubro de 2022

A alcaldesa, Margarita Lamela Louzán